
ABRIL É UN PAÍS

OS HEROÍSMOS DESCOÑECIDOS

DA REVOLUCIÓN DOS CARAVEIS

Texto de TEREIXA CONSTENLA

Fotografía de cuberta de EDUARDO GAGEIRO

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 360 páx. 19 €

ISBN 978-84-19213-52-5. Lecturas expertas. Ágora K.

Había tempo que Europa non acordaba cunha revolución cando se atopou con aquela reviravolta portuguesa, xurdida no lugar e na hora polos que ninguén agardaba. A Revolución dos Caraveis, que rematou a ditadura máis lonxeva da Europa occidental, transformouse nun mito, dentro e fóra do país. A rompenete onde bateu a historia de Portugal antes de comezar a camiñar cara á outra marxe. Se os estadounidenses fenden os seus períodos contemporáneos segundo o asasinato de Kennedy e o ataque ás Torres Xemelgas, os portugueses fano co 25 de abril de 1974. Aquel xoves o mundo remexeu ao ver militares empuñando fusís con flores e descubrir que chimpaban o ditador sen rabuñadura ningunha. O golpe de Estado que derrubou o réxime foi obra de capitáns idealistas, destemidos e fartos de morrer e matar en tres guerras coloniais en África. Deseguida os cidadáns encheron as rúas e trocaron o golpe por unha revolución...

O 25 de abril de 1974 a Revolución dos Caraveis rematou de forma incruenta cun réxime ditatorial que durante case 50 anos, baixo as ordes de Antónío de Oliveira Salazar e de Marcelo Caetano, someteu o pobo portugués. O levantamento militar, liderado esencialmente polos mandos intermedios, non só veu determinado polo esgotamento da ditadura salazarista no país, senón tamén por unha política colonial minada tras décadas de abusos e golpeada polas guerras de independencia.

Cincuenta anos despois, a escritora e xornalista Tereixa Constenla reconstrúe cun traballo minucioso, que inclúe tanto a investigación documental como a entrevista a moitos dos protagonistas da revolución, aquel xoves histórico no que todo o mundo puxo a mirada nun fito que logrou derrocar un réxime opresor. Unha análise abraiante do pasado de Portugal, resumido neste ensaio indispensable para comprender o espírito único do país veciño.



-
- **Temática:** historia de Portugal, historia de Europa.
 - **Destinatarios:** lecturas expertas.
 - **Aspectos destacables:** Portugal, democracia e liberdade; ditadura, colonialismo; historia contemporánea; investigación, documentación, crónica.
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/abr-il-e-un-pais-g>
-

Tereixa Constenla

(Arca, A Estrada, 1968)

É correspondente do xornal El País en Lisboa dende xullo de 2021. Foi xefa da sección de Cultura do mesmo diario e redactora de Babelia. Antes de dedicarse ao xornalismo cultural, traballou como reporteira de temas sociais en Andalucía, nos xornais El País e Ideal. Algúns dos seus artigos recibiron galardóns como o Premio Unicaja de Artículos Periodísticos (2013). En 2021 publicou «Cuaderno de urgencias», un libro autobiográfico de amor e dó escrito tras o falecemento da súa parella, o tamén xornalista Álex Bolaños. «Abril é un país» é a súa segunda obra.

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
